

---

## **NORMATIVA COMPLEMENTARIA 2022**

### PREÁMBULO

A Asociación Liga Noroeste e a súa competición, a Liga Galega de Traíñeiras, encontraron na tempada 2022 unha situación de excepción. Con respecto á tempada 2021, déronse un total de cinco baixas, das cales dúas pertencían á Liga A. Ao terceiro ou cuarto clasificados no playoff da tempada 2021 corresponderíalles ocupar unha das vacantes na Liga A, completando así os 12 participantes indicados en normativa. Malia indicaron a súa negativa a ocupar esa praza, xa que de verse obrigados a competir na Liga A correrían serio risco de non poder saír a competir.

Esta situación abre un proceso de debate interno entre socios, que tras varias reunións e asembleas adoptan as seguintes medidas:

- Relativo á composición das Ligas.  
A Liga A estará composta de 12 clubs. Ao non cubrirse a última praza por medio dos clubs do playoff da tempada anterior, posibilitase que a vacante sexa cuberta por un equipo da Liga B.  
Modificación sistema de ascensos e descensos.
- Relativo ás renuncias.  
Posibilitar a renuncia por parte dos clubs a participar no Playoff da LGT.
- Relativo ás renuncias.  
Posibilitar a renuncia por parte dos clubs a participar na Liga A aceptando con elo unha sanción administrativa.  
De aplicación na tempada 2023.

Este acordo asociativo ven a resolver unha situación concreta e puntual relativa á composición das diferentes categorías durante a tempada 2022.

### MARCO XURÍDICO

Esta Normativa Complementaria regula unha serie de normas que substitúen a aquelas de aplicación xeral, que están recollidas na Normativa de Competición aprobada o pasado 13 de decembro de 2021.

Todo o articulado na presente Normativa Complementaria ten o beneplácito da Asemblea Xeral da Asociación Liga Noroeste e conta cun respaldo maior aos 2/3 de votos favorables por parte dos socios, tal e como se recolle na Asemblea do 07 de marzo de 2022.

Esta Normativa Complementaria regulará única e exclusivamente a presente tempada 2022.

## NORMAS DE APLICACIÓN

### **NORMATIVA ESPECÍFICA NO CASO DE DÍAS LIGAS LGT**

#### **I.- ASCENSOS E DESCENSOS.**

O derradeiro clasificado da LGT-A non descenderá directamente.

Ascenderá directamente o primeiro clasificado da LGT-B.

Disputarase unha promoción a dobre xornada entre o 11º e 12º clasificados da LGT-A e o 2º e 3º clasificados da LGT-B. Desta promoción sairá unha única praza de ascenso á LGT-A.

No caso de descenso dun club galego da ACT, implicaría que o vencedor da promoción quedaría na Liga B.

No caso de descenso de dous clubs galegos da ACT, implicaría que o vencedor da promoción quedaría na Liga B, e o descenso do CR Cabo da Cruz á Liga B por tratarse dun club filial dos descendidos dende a ACT.

No caso de ascenso dun club galego á ACT incrementaríase unha praza na Liga A que se ocuparía co segundo clasificado da regata promoción. E así sucesivamente.

Todo o anterior estará tamén suxeito a posibles baixas futuras de clubs dende a Liga A, en cuxo caso estas deberán ser completadas segundo a clasificación acadada na regata promoción. A efectos provisionais, tódolos equipos participantes na regata de promoción terán consideración de clubs de Liga A ata a conformación definitiva de Ligas na seguinte tempada.

A regata de promoción celebrarase a dobre xornada, contra-reloxo, con clasificación por puntos, e en caso de empate a puntos de dous ou máis equipos, teríase en conta o sumatorio dos tempos das dúas xornadas. A saída na primeira xornada será lanzada a 1´ entre participantes e a orde de saída virá determinada á inversa da clasificación xeral: 3º Liga B, 2º Liga B, 12º Liga A e 11º Liga A. A saída na segunda xornada será tamén lanzada a 1´ entre participantes e a orde virá determinada por orde inverso ao da clasificación da primeira xornada.

#### **V.- RENUNCIAS.**

PRIMEIRA.- RENUNCIA AO PLAYOFF LGT.

Calquera dos clasificados da Liga B poderá renunciar a participar na regata promoción da LGT.

---

A vacante producida por un equipo de Liga B será ocupada polo seguinte clasificado da competición, sucesivamente, ata completar as prazas da regata promoción. En caso de non completar as prazas, estas quedarán valeiras.

Esta renuncia á regata promoción leva aparellada unha sanción económica de 500,00€. O club que non participa na regata promoción non debe optar nunca a unha situación económica favorable en premios en relación aos clubs que si disputan a regata promoción.

#### SEGUNDA.- RENUNCIA AO ASCENSO Á LGT-A.

Un equipo con dereito a ocupar praza na Liga A resultado da regata promoción poderá renunciar á súa praza.

Esta renuncia levará aparellada unha sanción económica por valor de 1.000,00€. Así mesmo, tamén levará aparelladas sancións administrativas. A primeira, a imposibilidade de participar na LGT-A durante dous anos consecutivos, a contar a partir do seguinte ano da renuncia. A segunda, a perda de antigüidade da bandeira organizada polo club.

Estas sancións serán de aplicación a partir da tempada 2023.

No caso de que se xerasen baixas antes da inscrición definitiva, e non se cubran cos equipos participantes na regata promoción, abrírase a opción de que sexan os clubs de Liga B os que cubran as vacantes. En caso de manifestarse máis dun equipo interesado, deberase establecer un sistema de competición consensuado previamente polos clubs participantes na LGT.